

Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene (A Coruña)

Número de decreto: 887/2024

CERTIFICO: Que o Sr. alcalde-presidente do Concello de Fene, en data 03-07-2024 ditou a seguinte resolución, que copiada di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRA: "ADECUACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS COA MELLORA DA DRENAXE NA RÚA CAMPANARIO"

Expte. 2024/C003/000006; 2024/G003/000917

ANTECEDENTES

O Concello de Fene precisa contratar obra “Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario”, financiada con cargo ao Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).

Este Plan contempla de forma específica actuacións de mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrícolas.

Como literalmente figura nas bases reguladoras do mencionado Plan, “*As infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrícolas, o que redonda nunha maior axilidade das operacións agrícolas, nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado. E, como toda infraestrutura, precisa dun mantemento e acondicionamento para que poidan seguir cumprindo coas súas funcións.*”

Os camiños obxecto do proxecto precisan de mantemento e acondicionamento xa que contan cun grado de deterioro de diversa consideración, debido principalmente ó paso do tempo, ó tráfico intenso, e ás adversas condicións climatolóxicas.

Consta no expediente o proxecto construtivo desta obra (RXE 20249990000437), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, colexiado 15305, con data febreiro 2024, por importe de 55.512,38 €, IVE engadido.

O 22.02.2024, a enxeñeira de camiños municipal, Verónica Cornide Pita, emitiu o seu informe favorable ao proxecto técnico, condicionado á obtención da autorización da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia, pola posible afección ao gasoduto da rede Troncal de Reganosa: Mugardos-Cabanas-As Pontes-Guitiriz.

O 10.06.2024 (RXE 20240000002155) a Delegación do Goberno en Galicia/Área de Industria e Enerxía remite a contestación e condicionados emitidos pola empresa ENAGÁS TRANSPORTE, SAU, en resposta á solicitude de autorización do 14.03.2024 (RXS 20249000000238).

Unha vez emitido pola enxeñeira municipal o informe respecto dos condicionados emitidos por Enagás, remítese á Delegación do Goberno en Galicia/Área de Industria e Enerxía (RXS 202490000000574) a aceptación dos mesmos co compromiso de realizar as modificacións necesarias ao proxecto para cumprir a protección de cruce de gaseoduto mediante lousa de formigón armado.

O proxecto modificado foi redactado por Antonio J. Durán Maciñeira, enxeñeiro de camiños, canles e portos e asinado o 01.07.2024 (RXE 202499900001903)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

O 03.07.2024 a enxeñeira de camiños municipal, Verónica Cornide Pita, emite un informe respecto ao proxecto modificado, que conclúe:

“Polo tanto, quedan introducidas as modificacións necesarias para dar cumprimento a os requisitos impostos por ENAGAS para a execución da actuación”

Consta dilixencia da secretaria municipal emitida o 03.07.2024, que di:

“ANTECEDENTES

Debido ás condicións impostas pola Autorización de Industria derivadas da afección ao Gasoduto titularidade de Enagás houbo que facer un pequeno modificado no proxecto técnico informado o 13 de xuño de 2024.

Á vista do informado respecto desta modificación pola ECCP Verónica Cornide Pita o 03/07/2024, conclúo que non se altera o informado pola subscribite en informe 82/2024, procedendo á vista do expediente e do seu estado actual:

-Aprobar o proxecto modificado

-Aprobar o expediente de contratación, pregos e demais documentación que o conforma

-Proceder á apertura do procedemento de licitación.”

Conforme ao artigo 116.4 LCSP xustifícanse os seguintes extremos desta contratación:

G-0
09E
150
-P
-F
-T

a) A elección do procedemento de licitación: tramitarase mediante procedemento aberto “súper” simplificado ao tratarse dun contrato de obras de valor estimado inferior 80.000 euros e non conta con criterios de adxudicación avaliábeis mediante un xuízo de valor

b) A clasificación e solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira: exímese aos contratistas da súa xustificación xa que de acordo co artigo 159.6 b) da LCSP, non é esixible neste procedemento de adxudicación, ademais non é esixible a acreditación da solvencia económica e financeira, nin a solvencia técnica ou profesional para contratos de obras cun valor estimado que non excede de 80.000 €, conforme ao artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

c) Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo: os criterios de adxudicación son o prezo, a redución do prazo de execución e o aumento de garantía da obra. Con estes criterios búscase unha mellor relación calidade-prezo. Os criterios buscan mellorar a economía da obra garantindo a súa calidade cun prolongamento do prazo de garantía que permitirá emendar posibles deficiencias de execución. A redución dos prazos de execución faise preciso para acadar canto antes a reparación das instalacións e aproveitar a realización de traballos na época estival.

Como condicións especiais de execución requírese que o contratista observe:

- as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

-as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Riscos Laborais.

-as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

Deste xeito, o contratista deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigação esencial e causa de resolución de contrato (art 12.8 Lei 2/2014).

Asemade, engádesse que deberá garantir respecto ao persoal que se adscriba á execución do contrato que se cumpran as condicións de xornada de traballo, descanso, vacacións, licenzas, excedencias, seguridade e saúde, prestacións sociais e retribucións establecidas no convenio colectivo sectorial ou territorial aplicable vixente, salvo que as establecidas no convenio de empresa

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

sexan máis vantaxosas para os traballadores, nese caso aplicaranse as máis favorables para o persoal

d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen: constan desagregados no proxecto da obra.

e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional: O Concello conta con competencias no mantemento de bens de dominio público.

f) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso: de conformidade co artigo 99 LCSP non procede a división en lotes xa que dificultaría a correcta execución dende o punto de vista técnico.

Consta a acta de replanteo previo emitida o 11.06.2024 polo redactor do proxecto, o enxeñeiro de camiños, canles e portos Antonio José Durán Maciñeira.

A tramitación do expediente de contratación finalizou unha vez incorporados os pregos de cláusulas administrativas, o informe favorable da Secretaría para a aprobación do proxecto e dos pregos 82/2024, do 13.06.2024, e o informe favorable da Intervención 104/2024, do 27.06.2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

De conformidade co artigo 116 LCSP deberase xustificar no expediente polo órgano de contratación a necesidade do contrato, a elección do procedemento de licitación, clasificación e criterios de solvencia, os criterios a ter en conta para adxudicar o contrato e as condicións especiais de adxudicación, valor estimado, decisión de non dividir en lotes.

O artigo 231 da LCSP establece que << 1. En los términos previstos en esta Ley, la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica.>>

O órgano de contratación é a Alcaldía, de conformidade coa DA 2ª da LCSP, ao non superar o orzamento da obra o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente e estando previsto este proxecto de obras no orzamento municipal, consonte o artigo 21.1 o) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local; sendo, por tanto, o alcalde o competente para a aprobación do proxecto.

Tendo en conta o sinalado, unha vez completado o expediente de contratación, de conformidade co establecido na D.A. 2ª da LCSP, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo: “Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario” (RXE 202499900001903), redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, por importe de 55.512,38 €, IVE engadido.

Segundo. Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas tal e como figura no expediente e os seus anexos, as prescricións técnicas e demais contido do expediente de contratación da obra “Adecuación de camiños municipais coa mellora da drenaxe na rúa Campanario”.

Terceiro. Autorizar pola contía de 55.512,38 € (IVE incluído), o gasto que representa a contratación referida, con cargo á aplicación orzamentaria 453.61900 do orzamento vixente.

Cuarto. Acordar a apertura do procedemento aberto “súper” simplificado con varios criterios de adxudicación para que no prazo de dez días hábiles, dende o seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante, calquera empresario poida presentar as súas ofertas.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



E para que conste e surta os efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e pracedo do Sr. alcalde-presidente.

C.I.
F:
P-
150
360
0-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).